

## O MECO "LOCO"

O entroido deste ano  
chega con moitas cores  
e un Meco moi toliño  
e un meco moi toliño  
púxonos ben bonitiños.

Piripipí, piripipí,  
o Entroido xa chegou  
o Entroido xa está aquí.

(Bis)

Algo no noso pescozo,  
puxemos un calcetín,  
na cabeza algo levamos  
na cabeza algo levamos  
somos uns figuríns.

Piripipí, piripipí  
o Entroido xa chegou  
o Entroido xa está aquí.

(Bis)

Mira como vou vestido  
para acabar a entroidada  
xa temos o Meco Loco  
xa temos o Meco Loco  
para ir de trouleada.

Piripipí, piripipí  
O entroido xa chegou  
O entroido xa está aquí  
(Bis).